




**Observatorio Galego
de Dinamización Demográfica**

**Deseño dunha metodoloxía de
cálculo para o custo dos coidados
a menores no eido familiar, con
perspectiva demográfica**

Colección informes



XUNTA
DE GALICIA

Deseño dunha metodoloxía de cálculo para o custo dos coidados a menores no eido familiar, con perspectiva demográfica.

Elabora:

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica.

Edita:


Consellería de Política Social e Igualdade, Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

© da edición, Xunta de Galicia. 2024.

© do texto, Observatorio Galego de Dinamización Demográfica. 2024.

Santiago de Compostela, 2024.

<https://libraria.xunta.gal>



Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0

España de Creative Commons. Para ver unha copia de licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES

Maquetación: alamces

Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Informe:

Deseño dunha metodoloxía de cálculo para o custo dos coidados a menores no eido familiar, con perspectiva demográfica



“

Todo neno e nena ten dereito a que o seu interese superior sexa valorado e considerado como primordial en todas as accións e decisións que o poidan afectar individual ou colectivamente, tanto no ámbito público como privado

”

Artigo 4, apartado c, do título preliminar da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia (LID)



Índice

Presentación.	13
I. Infancia e mocidade en Galicia nunha perspectiva sociodemográfica	17
1 O grupo de poboación de 0-24 anos en Galicia. Elementos para unha análise da súa estrutura interna e da heteroxeneidade da súa composición	23
2 Os grupos de idade infanto-xuvenís e as dinámicas poboacionais.....	29
3 A transformación das familias en Galicia.....	35
II. Fontes, metodoloxía e custo da crianza.....	43
1 Explicación da Enquisa de presupostos familiares (EPF) do INE	45
. Unidades de análise e mostraxe	
. Resultados destacados da enquisa (EPF)	
. Evolución temporal	
. Distribución xeográfica	
2 Enquisa de presupostos familiares e renda en Galicia. A súa relación con España	53

3 Cálculo do custo da crianza en España e Galicia	57
. Definición e cálculo de grupos de gasto	
. Resultados preliminares	
. O custo da crianza por idades	
Gastos entre 0 e 3 anos	
Gastos entre 4 a 6 anos	
Gastos entre 7 a 12 anos	
Gastos entre 12 e 17 anos	
Gastos entre 16 e 24 anos	
4 Estimación do custo da crianza en Galicia. PPA	67
. Estimación das PPA para as CCAA por métodos indirectos	
. Renda familiar dispoñible das CCAA en PPA	
5 Extrapolación para o cálculo do custo da crianza en Galicia.	75



Presentación

Este *Informe* céntrase en desenvolver, con perspectiva demográfica, unha metodoloxía de cálculo para o custo dos coidados á poboación infanto-xuvenil no eido familiar. Consonte co seu obxectivo de dar cumprimento ao demandado na LID acerca do custo da crianza, tívose especial atención aos aspectos metodolóxicos e cuantitativos que permitisen dispor dun cálculo, co maior grao de aproximación e fiabilidade posible, do custo da crianza en Galicia, dando así cumprimento ao demandado na Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia (LID, na que se prevé a presentación dun informe anual a este respecto).

Iníciase o *Informe* coa presentación sociodemográfica da infancia e mocidade en Galicia, que, como sabemos, compón un amplo grupo de idades¹. Fixar o límite superior na idade de 24 anos cumpridos (pois o último grupo considerado é o de 17-24 anos) débese ao feito da prolongación da etapa da mocidade (fenómeno progresivo ademais nestes últimos anos) ata enmarañar a idade de comezo da etapa de adultez². Máis, sen entrar a situar agora cando remata (ou a que idade) esta primeira etapa claramente adulta reteñamos que o 90,43 por cento da xente nova de entre 18 e 24 anos (datos en 1 de xaneiro de 2021) vive no fogar familiar. Dáse a circunstancia de que xeralmente a idade de emancipación media dos varóns é superior á das mulleres, que segundo datos do Consejo de la Juventud de España se sitúan no primeiro caso en 30,7 anos fronte aos 28,8 das mulleres.

A inclusión do período da mocidade tamén se debe a razóns de índole administrativa, debido á inclusión da xente máis nova, desde os 18 ata os 24 anos, para o cálculo dos custos reais dos servizos aos que deben facer fronte as CCAA, o que, polo tanto, ha repercutir na fórmula de financiamento. Ao afectar o anterior o significado das idades, ten un importante impacto nas principais magnitudes financeiras da Administración.

Era obrigado abordar en primeiro lugar unha presentación das dinámicas sociodemográfica que envolven a vida da infancia e da mocidade en Galicia para delimitar o marco de referencia, espacial e temporalmente, e poder penetrarmos despois na conformación dun grupo de idade tan amplo e heteroxéneo como o de 0-24 anos.

¹ O anterior artigo 23.2 da LID sinala que o informe do custo da crianza deberá estenderse ata a emancipación de fillos e fillas.


² En 2021 a idade media de emancipación en España estaba próxima aos trinta anos. As persoas de entre 25 e 29 que viven no fogar familiar representan en España, segundo datos de Eurostat, o 64 por cento (unha cifra que só superan Italia e Grecia), e que representa o dobre ou o triplo que en Francia (17 por cento), Reino Unido (25 por cento) ou Alemaña (30 por cento). Mentres que nos países nórdicos a porcentaxe se sitúa entre un 5 por cento e un 6 por cento.


No estudos das dinámicas poboacionais é importante tamén interpretar por que varían, descubrir as interdependencias e as causas profundas que as determinan. No custo da crianza subxace a manifestación destas premisas, pois todo o que incide sobre a organización social na que se desenvolve a atención á infancia e á mocidade faino tamén sobre as variables demográficas e, pola súa vez, todo o que afecta a dinámica e a estrutura da poboación inflúe sobre a organización e a situación da organización económica e social.

O obxectivo perseguido de poder establecer o gasto óptimo do custo da crianza en Galicia (o gasto óptimo é o que se precisa para un desenvolvemento integral, sen ter en conta agora os custos “intanxibles”) esixiu o tratamento dunha ampla serie de datos, o que lle outorga un “cariz fortemente cuantitativo” polo constante, claro está, emprego de técnicas cuantitativas, unha vez que se acometeu tanto unha definición e concreción dos conceptos que se deben utilizar como unha coidada presentación do alcance e limitacións das fontes dispoñibles. Adiantemos agora que a análise sustentada nunha notable compoñente técnica e metodolóxica permitiu establecer o gasto óptimo do custo da crianza en Galicia en 630 euros (para o primeiro semestre de 2022), sen ter en conta, nesta primeira fase do Informe, os importantes, e moitas veces decisivos, gastos intanxibles que leva de seu.

Estímase que esa cantidade pode permitir un desenvolvemento óptimo das potencialidades innatas de cada un dos individuos comprendidos entre os grupos de 0 e 24 anos cumpridos. Preséntase, así mesmo, unha desagregación por idades do gasto óptimo correspondente a cada idade. A devandita desagregación recolle o grupo de idade de dezaseis a vinte e catro anos por esixencias derivadas das fontes utilizadas.

Dar unha cifra exacta do gasto que asumen as familias á hora de exporse a ter descendencia e coidala nun período de anos tan elevado é cando menos arriscado. Son moitos os factores e as necesidades concretas que se teñen que ter en conta, como se tenta debullar. Son difíciles de manexar, por outra parte, magnitudes que varían ao longo do tempo tan amplo que se prevé (o dos 0-24 anos). Pensemos, por exemplo, na imposibilidade de determinar como os prezos ao consumidor irán evolucionando en todo o tempo ocupado pola crianza, ou a incidencia doutras políticas económicas ou sociais (como, por exemplo, a gratuidade en Galicia da ensinanza para a poboación infantil de 0 a 3 anos, tema que loxicamente se incluíu no traballo). Máis difícil de desentrañar é, como sabemos, o tema dos custos intanxibles, que non se desenvolve agora aquí neste primeiro Informe, pero que esixe ser abordado nun momento inmediato posterior.





Infancia e mocidade en Galicia nunha perspectiva sociodemográfica

Unha inicial achega ao tema da infancia e da mocidade en Galicia³ desde unha perspectiva sociodemográfica obriga, en primeiro lugar, sequera sexa moi sinteticamente, a delimitar e describir o grupo de poboación obxecto de atención preferente e situar os elementos máis definitorios da súa dinámica demográfica, e familiar de maneira particular.

É ben coñecida a complexidade territorial de Galicia e a súa incidencia no acceso aos servizos que demanda o benestar do conxunto da poboación, un elemento que non se pode esquecer nun informe destas características e ao que dedicamos unhas breves notas. Así, cómpre ter presente que dos 313 concellos de Galicia o 64 por cento ten unha poboación de menos de 5.000 habitantes e o 11 por cento non supera os mil habitantes. Galicia é a Comunidade Autónoma que ocupa o posto noveno, cunha poboación media por municipio menor. A media de Galicia sitúase por debaixo da media da Unión Europea (que é dun 72 por cento). Nas provincias de Pontevedra e A Coruña a maioría dos concellos teñen unha poboación superior aos cinco mil habitantes; en Lugo e Ourense tan só o 18 por cento e o 12 por cento, respectivamente, están nesta franxa. Pola súa vez, se atendemos agora aos concellos con menos de mil habitantes, destas dúas últimas provincias o 10 por cento están en Lugo e o 29 por cento en Ourense.

Unha fácil comprensión do nivel de fragmentación poboacional témola cos datos do IGE relativos á distribución da poboación segundo unha malla regular formada por cuadrículas de 1 km² que cobren todo o territorio de Galicia⁴. Expostos en síntese, os datos mostran que das 30.776 celas de 1 km² nas que se divide en 2021 o territorio de Galicia, 11.707 non contan con poboación (o 38,3 por cento do total de cuadrículas), e 8.532 celas (o 27,3 por cento) teñen menos de 21 habitantes. O 61,7 por cento das cuadrículas de Galicia teñen poboación.

Táboa 1. Clasificación das cuadrículas de 1 km² en función da poboación. Ano 2021. Número de cuadrículas, poboación e porcentaxe sobre o total.

	Número de cuadrículas 1 km ²	% cuadrículas totais	% cuadrículas estudo	Poboación	% poboación total	% poboación estudo
Total	30.776	100	--	2.695.645	100	--
0 habitantes	11.707	38	--	0	0	--
De 1 a 20 habitantes	8.532	27,7	--	83.164	3,1	--
De 21 a 49 habitantes	4.738	15,4	45	154.597	5,7	5,9
De 50 a 99 habitantes	2.679	8,7	25,4	185.829	6,9	7,1
De 100 a 499 habitantes	2.405	7,8	22,8	499.433	18,5	19,1
De 500 a 999 habitantes	331	1,1	3,1	227.933	8,5	8,7
De 1.000 a 2.499 habitantes	218	0,7	2,1	347.837	12,9	13,3
De 2.500 a 4.999 habitantes	86	0,3	0,8	305.158	11,3	11,7


3 Neste caso de estudo limitase o período da mocidade aos 24 anos cumpridos, como ficou anteriormente sinalado nas páxinas da presentación.

4 Segundo explica o IGE, mediante esta operación estatística, o devandito Instituto publica a distribución da poboación de Galicia segundo diversas características nunha malla regular formada por cuadrículas de 1 km² que cobren todo o territorio de Galicia. As cuadrículas están codificadas cun sistema estándar que segue as directrices europeas da directiva Inspire e foron xeradas polo Instituto de Estudos do Territorio (IET). A directiva Inspire (Infrastructure for Spatial Information in Europe) determina as regras xerais para o establecemento dunha infraestrutura de información espacial na Unión Europea. Iníciase ante a necesidade de organizar e poñer en común a información espacial das diferentes infraestruturas de datos espaciais dos Estados membros e co obxectivo de superar os problemas de dispoñibilidade, calidade, xestión, accesibilidade e posta en común de toda a xeografía.

De 5.000 a 9.999 habitantes	44	0,1	0,4	301.977	11,2	11,6
De 10.000 ou máis habitantes	36	0,1	0,3	589.717	21,9	22,6

Fonte: IGE. Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km²

Mapa 1. Distribución da poboación de Galicia en celas de 1 km². Ano 2020. Persoas



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE

Coa información das cuadrículas que exceden as vinte persoas⁵, a atención ten que fixarse nas cuadrículas que superen esta cifra: un total de 10.583 celas⁶, o que significa tamén que o 97,1 por cento reside no 34,4 por cento da superficie de Galicia⁷. Nese mesmo ano de referencia, 35 das 36 cuadrículas con maior poboación atópanse nun dos grandes sete concellos⁸.

O modelo de asentamento con predominancia claramente urbana reflicte, como ben se aprecia no anterior mapa, unha concentración da poboación nas principais áreas urbanas do eixe atlántico, na Mariña luguesa, nos concellos interiores de Lugo, Ourense e Santiago de Compostela e nalgúns vilas repartidas polo territorio (Vilalba, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Xinzo de Limia, Verín, Lalín).

Igualmente, o IGE proporciona detallada información acerca da clasificación do grao de urbanización dos concellos galegos, para o que establece tres categorías: zonas densamente poboadas (ZDP), zonas intermedias (ZIP) e zonas pouco poboadas (ZPP)⁹. Presenta igualmente o instituto estatístico galego o subgrao de urbanización, que é unha subdivisión das zonas de urbanización (ZDP, ZIP, ZPP) en subzonas buscando diferenzas de núcleos de características diferentes¹⁰.

Os datos anteriores revelan que Galicia é hoxe fundamentalmente urbana. O 65,3 por cento da poboación vive en zonas densamente poboadas (ZDP) ou en zonas intermedias pero cun grao de urbanización alta (ZIP alta). Coa particularidade, xa apuntada, de que esta poboación ocupa o 6,4 por cento da superficie do territorio galego¹¹.

Táboa 2. Distribución da poboación de Galicia segundo grao de urbanización. Porcentaxes.

	Total	ZDP	ZIP	ZPP
2000	100%	35,67%	32,60%	31,72%
2022	100%	36,54%	37,18%	26,28%

Fonte: IGE. Panorama rural-urbano

ZDP: zona densamente poboadas; ZIP: zona intermedia; ZPP: zona pouco poboadas

5 Debido a que o segredo estatístico se fixa en vinte persoas, só se pode utilizar información das cuadrículas que superen a devandita cifra de poboación.

6 Que supoñen o 34 por cento das celas totais e o 97,1 por cento da poboación de Galicia.

7 No mapa as cores vermellas corresponden ás celas de 1km² con maior densidade de poboación: os sete grandes concellos que superan os 50.000 habitantes empadroados e as súas contornas. As Rías Altas e as Rías Baixas tamén están coloreadas en vermello ao igual que as celas correspondentes ao interior dalgúns núcleos importantes de poboación como Verín, Monforte de Lemos ou O Barco de Valdeorras. Apréciase como unha parte moi importante da poboación se concentra nas contornas das grandes cidades ou ben próxima a redes de comunicación que conectan estes grandes núcleos. No mapa tamén aparecen pintadas en cores intensas as cuadrículas que bordean ou se sitúan sobre vías de comunicación de gran capacidade.

8 Se ampliamos o rango de poboación a considerar, das 81 cuadrículas con 5.000 ou máis habitantes, 61 atópanse nunha gran cidade.

9 Atendendo ao carácter urbano ou rural da localidade na que reside un individuo.

10 No período 2000-2020 a poboación aumentou na ZDP e na ZIP e diminuíu na ZPP.

11 Nas zonas cun grao de urbanización "intermedio" (ZIP baixa, ZPP alta e ZPP intermedia) vive o 20,5 por cento da poboación nun 23,0 por cento da superficie. O que se considera zona rural galega (ZPP baixa) ocupa o 70,6 por cento da superficie e o 14,2 por cento da poboación. As zonas densamente poboadas e intermedias "alta" correspóndense coas áreas dos nove concellos máis grandes (Ferrol, Narón, A Coruña, Santiago de Compostela, Vilagarcía, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense). As zonas intermedias unen a área densamente poboadas de Ferrol-Narón coa zona da Coruña ata Carballo. Unen tamén Santiago de Compostela co sur da provincia de Pontevedra pola costa. Moitas son zonas que non pertencen propiamente a periferias urbanas pero si están baixo a súa influencia pola existencia de importantes vías de comunicación. Nesta zona intermedia tamén se inclúen zonas que se poderían considerar urbanas por ter unha poboación considerable (é o caso da Estrada, Lalín, a costa norte da ría de Arousa ou a zona de Verín), ou por presentar unha importante puxanza económica (como Cervo, Burela e Viveiro na Mariña Lucense ou os concellos da zona de Valdeorras).

Na seguinte táboa 3 móstranse as variacións da densidade de poboación (con tendencia decrecente) entre 2010 e 2020 a partir da clasificación segundo o grao de urbanización¹²; tamén a táboa 2 permite observar (neste caso entre o ano 2000 e o 2022) a distribución da poboación de Galicia segundo o grao de urbanización fixado polo IGE. Apréciase un incremento da poboación nas ZDP e nas ZIP e un marcado devalo nas ZPP, o que contribúe a incrementar a percepción de desequilibrio territorial e de “baleiro” poboacional (lembremos que estas zonas ocupan unha extensión importante do territorio) que está a afectar as zonas de baixa densidade.

Táboa 3. Distribución da poboación e da densidade por tipo de zona. Definida a partir dos concellos.

	Poboación			Densidade		
	2010	2020	2022	2010	2020	2022
ZDP	999.922	995.126	983.206	996,8	996,6	986,5
ZIP	997.251	997.547	1.000.315	225,2	226	226,4
ZIP alta	763.559	769.029	770.709	272,2	274,9	275,3
ZIP baixa	233.692	228.518	229.606	144,2	141,9	142,3
ZPP	800.480	709.146	706.943	33,2	30,1	30
ZPP alta	207.222	201.227	203.026	90,3	88,8	89,5
ZPP intermedia	138.636	123.413	122.813	52,6	48	47,7
ZPP baixa	454.622	384.506	381.104	23,8	20,8	20,6
Total	2.797.653	2.701.819	2.690.464	93,7	91,4	91

Fonte: IGE. Panorama rural-urbano

Urbanización, dispersión territorial e alto grao de concentración da poboación no territorio explican a complexidade e heteroxeneidade territorial debuxada na detallada información do IGE, unha contribución de extraordinaria importancia que afonda na percepción da especial relevancia da complexidade territorial no caso de Galicia. Sería de grande interese nun posterior informe e sempre que os datos nos permitisen unha desagregación territorial dos diversos indicadores, por debaixo do marco provincial, determinar o alcance e significación deste fenómeno en relación coas súas posibles implicacións no custo da crianza (entendida a “crianza” no sentido amplo que se está a empregar aquí; é dicir, incorporando as etapas infanto-xuvenís e “primeira” mocidade). Teñense en conta ademais as vicisitudes do crecemento da poboación (táboa 3) e a súa progresiva e desigual repartición no territorio de Galicia. Con respecto a isto último, é de interese salientar que, segundo datos do Instituto de la Juventud de España (*Informe 2020*), o 21 por cento da poboación moza de Galicia reside nas capitais de provincia mentres que só o 5 por cento vive en municipios de menos de 2.000 habitantes.

¹² Tendo en conta os datos de poboación e superficie, Galicia ten unha densidade de poboación de 91 habitantes por km², algo por debaixo da media española (93,8). A densidade media da UE-27 sitúase en 119. Como cabía esperar no caso de Galicia, hai pronunciadas diferenzas provinciais; así A Coruña (140,8); Lugo (32,9); Ourense (41,8); e Pontevedra (209,8).

An abstract background with various shades of blue and teal, featuring a large, bold white number '1' in the lower-left corner.

1

O grupo de poboación de 0-24 anos en Galicia. Elementos para unha análise da súa estrutura interna e da heteroxeneidade da súa composición

O grupo de poboación protagonista singular deste primeiro Informe é o comprendido entre os cero anos de vida e os 24 anos cumpridos. Como se abordaba nun traballo anterior, fixar o límite superior nesta idade débese a un feito que, a pesar de ser ben coñecido, non se resalta dabondo a pesar das implicacións demográficas que supón o progresivo alongamento da mocidade¹³. Sen entrar a situar agora cando remata (ou a que idade) esta primeira etapa adulta, reteñamos que o 90,43 por cento da xente nova de entre 18 e 24 anos (datos de 2020) vive no fogar familiar. E a isto súmase outro elemento especialmente significativo que cómpre recordar de novo. Así, se observamos as taxas netas de escolarización en ensinanzas de réxime xeral por rango de idade (máximo e mínimo de CCAA), as diferenzas entre o máximo e o mínimo entre as distintas autonomías son significativas a partir dos 18 anos. Este cambio substancial está tendo efectos nas principais magnitudes financeiras da Administración, ata o punto de que se alonga a idade da xente máis nova desde os 18 ata os 24 anos para o cálculo dos custos reais dos servizos aos que deben facer fronte as CC AA.

Obviamente a vida entre os 0 e os 24 anos cumpridos non se desenvolve de maneira illada, á marxe das circunstancias que afectan a xeneralidade, e vese claramente afectada polas dinámicas que inciden en todos os restantes grupos de idade e no conxunto da poboación. Así, unha vez que a mortalidade infantil acadou os baixos niveis que coñecemos (en 2021 para ambos os sexos era de 2,69 por mil), a atención á hora de explicar a diminución do volume de poboación nestes grupos de idades hai que fixala no impacto dos cambios no modelo reprodutivo, o alongamento da etapa da mocidade, o progresivo atraso nas idades á primeira maternidade e paternidade ou as alteracións nos fluxos migratorios. De aí a inclusión de obrigadas referencias ao comportamento poboacional no seu conxunto.

Táboa 4. Estrutura da poboación infanto-xuvenil (0-24 anos) por idades simples e por grupos etarios.

	Total	Homes	Mulleres
Menos de 1	14.664	7.484	7.180
1	15.249	7.789	7.460
2	15.805	7.987	7.818
3	16.479	8.559	7.920
4	17.696	9.121	8.575


13 Cómpre facer unha chamada de atención á importancia de considerar os efectos demográficos (con especial incidencia na fecundidade) que entraña a prolongación da etapa da mocidade, excepcionalmente alta en Galicia, como así mesmo sucede en España e nos países da Europa do Sur. A LID (Lei de impulso demográfico de Galicia, Lei 5/2021 do 2 de febreiro) na súa exposición de motivos incluía o seguinte ao respecto das mudas no sistema reprodutivo e para os efectos “demográficos” que entraña a prolongación da etapa da mocidade: “Esta redución da fecundidade relaciónase moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopa a mocidade na transición á vida adulta. A este respecto son expresivos o atraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío e o progresivo incremento da idade media na primeira maternidade. Con maior ou menor intensidade, todos estes aspectos caracterizan toda a sociedade occidental”.

5	19.884	10.267	9.617
6	20.558	10.487	10.071
7	20.977	10.820	10.157
8	21.187	11.083	10.104
9	21.176	10.863	10.313
10	22.560	11.716	10.844
11	22.980	11.889	11.091
12	23.564	12.216	11.348
13	24.152	12.441	11.711
14	24.957	12.841	12.116
15	23.665	12.112	11.553
16	23.556	12.125	11.431
17	23.547	12.006	11.541
18	23.403	12.073	11.330
19	23.394	11.970	11.424
20	22.570	11.568	11.002
21	22.816	11.773	11.043
22	23.267	11.986	11.281
23	22.655	11.597	11.058
24	22.354	11.443	10.911

Fonte: INE. Estatística do Padrón continuo. 2023

A poboación infanto-xuvenil (0-24 anos), que se mostra na anterior táboa elaborada polo IGE a partir do *Censo de Población y viviendas 2023* do INE, constitúe unha franxa de idade ampla dabondo como para poder ser abordada de maneira uniforme e menos aínda se se pretende unha achega ao custo da crianza. O nivel de atención xeral, coidados, consideración da dependencia infantil, etc. son distintos segundo os anos e con variacións moi importantes, incluso entre os 0-1 anos e os 1-2 anos. Velaí a necesidade dunha desagregación que garde relación coas diversas etapas en atención, especialmente, cos coidados demandados en cada momento vital. O número de tramos de idade considerados para cuantificar o dito custo son os cinco repartidos como segue:

Gráfico 1. Tramos de idade considerados para cuantificar o custo da crianza



Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

A Estratexia galega para a infancia e a adolescencia (EGIA 2018-2020), ao definir as primeiras etapas infanto-xuvenís, toma –sinálase textualmente– “como concepto e ámbito de aplicación o estipulado no artigo 37, encadrado no título II da Lei 3/2011, do 30 de xuño, que establece: *para os efectos desta lei, enténdese por infancia o período de vida das persoas comprendido desde o nacemento ata os doce anos de idade, e por adolescencia o que abarca desde a devandita idade ata a maioría de idade establecida pola Constitución e o Código civil -os dezoito anos-. Este título é aplicable a todas aquelas persoas menores de idade, calquera que sexa a súa nacionalidade, que teñan o seu domicilio ou se atopen transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia*”.

A distinción anterior, ben que é clara e precisa, invita tamén a introducir matizacións relativas a algúns elementos relacionados coa duración e necesaria distinción dentro das mesmas etapas, e que afectan igualmente todo o período de crianza nun sentido amplo. Infancia, adolescencia, e de maneira especial a mocidade, suscitan discusión de seu. No caso da mocidade, salienta Pau Miret (2009 e 2022) que, alén da idade, hai tres transicións que marcan o fin da mocidade e o inicio da idade adulta: a económica (valerse por si mesmo), a residencial (deixar a vivenda familiar) e a familiar (ter parella con ou sen fillos/as). E non se nos escapa, porque así o reflicten os datos, que as tres transicións sinaladas se están adiando e se seguen a atrasar todos os anos¹⁴.

O debate, por outra parte, de ata cando se é unha persoa nova¹⁵ xa non permanece agochado nos medios académicos. Nunha parte da opinión pública estase a dar tamén un notable cambio na consideración das idades. Unhas etapas, como a da mocidade, a idade adulta e a vellez, medraron marcadas polo traballo, o acceso á educación é á mellora na alimentación, mentres que outras, infancia, preadolescencia e adolescencia, se retraeron¹⁶. As conclusións anteriores achégannos á imposibilidade de fixar fronteiras inamovibles entre idades á hora de analizar as necesidades que corresponderían a cada idade. Por outra parte, os traballos sobre benestar infantil alértannos da moi distinta situación que afecta o desenvolvemento da crianza en función do medio social, económico e cultural familiar e en como a precariedade e vulnerabilidade das familias se viu acrecentada polos efectos da recente pandemia. Son elementos de necesaria consideración nun Informe centrado no custo da crianza.

Na anterior táboa 4 pode observarse que entre os 0 anos e os 24 anos cumpridos o número total de persoas de sexo feminino é inferior ao número de persoas de sexo masculino, o que obedece ao maior número de nacementos de varóns, unha das características ben coñecidas da xeneralidade das poboacións humanas¹⁷.

A desagregación provincial revela que a gran maioría da poboación infanto-xuvenil reside nas provincias da Coruña e Pontevedra. Tamén por provincias se dan algunhas perceptibles diferenzas verbo dos índices ou da ratio de masculinidade. Con respecto aos grupos quinquenais comprendidos entre 0 e 24 anos cumpridos, os datos de Galicia da táboa 5 corroboran aspectos sinalados con anterioridade relativos ao maior peso do sexo masculino en todos os tramos quinquenais considerados, que se manteñen sen variacións significativas en 2020 e 2021.

A observación máis pormenorizada dos datos permite percibir alteracións na composición numérica dos distintos grupos. Así, despois da constatación do menor peso actual dos grupos de 0-4 (nas idades de 0-1 ano cumprido hai que pensar tamén na incidencia negativa da pandemia de Covid-19 sobre a

14 Nun escenario presidido pola pandemia de Covid P. Miret (2022) anotaba tamén que a pandemia nos vai “rexuvenecer” aínda máis (é dicir, prolongar a xuventude), como se aprecia de maneira especial coas cifras na man publicadas pola fundación Foessa, vinculada a Cáritas, na última edición do seu Informe de evolución da cohesión social, que apuntan que máis de un de cada catro residentes en España de entre 16 e 35 anos (o 28,5 por cento) se atopaba en situación de exclusión moderada ao peche do ano 2020, máis dun 5 por cento por riba que antes da irrupción do coronavirus.

15 E tamén o debate de con cantos anos se considera que unha persoa é anciá.

16 Aínda sendo difícil sinalar unha idade precisa na que da nenez se dá o salto á preadolescencia, estase abrindo paso entre os especialistas en socioloxía que a liña debería situarse nos oito anos.

17 A equiparación no caso da poboación galega (primeiro arredor do tramo 34-39) irá seguida xa dunha crecente distancia entre os sexos pola progresiva superioridade numérica do sexo feminino (a ratio de masculinidade segundo o INE sitúase en Galicia, para o conxunto de todas as idades, no ano 2022 en 93,24).

fecundidade)¹⁸ e 5-9, no grupo de 10 a 14 anos dáse unha maior representación mentres que na franxa de idade de 15 a 19 e de 19 a 24 se aprecia un descenso continuado en ambos os grupos. Este comportamento hai que relacionalo coas oscilacións no índice de fecundidade nun período de anos que cando menos hai que situar, como punto de partida, no ano 2000.

No devandito ano o índice sintético de fecundidade tiña un valor de 0,96, con lixeiras variacións á alza nos anos seguintes, pasando de representar un valor de 1,06 no ano 2007 a acadar un valor de 1,14 no ano seguinte. Descende a 1,13 en 2016 e 1,12 en 2017 para iniciar un descenso importante en 2018, cun valor de 1,04, que se sitúa en 2019 e 2020 en 1,2. Os datos anteriores permiten apreciar tamén o efecto positivo da fecundidade das mulleres estranxeiras nos valores do índice sintético de fecundidade en Galicia. Constatárase unha vez máis a relación entre expansión económica e fecundidade, como xa se estudaba en *Galicia perspectivas demográficas* (2018).

Táboa 5. Poboación por sexo e grupos quinquenais comprendidos entre 0-24 anos. Galicia.
Anos 2020, 2021 e 2022

	2020			2021			2022		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	2.701.819	1.300.153	1.401.666	2.695.645	1.297.301	1.398.344	2.690.464	1.294.708	1.395.756
0-4	91.429	47.102	44.327	87.303	44.860	42.443	82.826	42.589	40.237
5-9	108.011	55.903	52.108	105.950	54.775	51.175	104.468	53.907	50.561
10-14	116.946	59.971	56.975	117.409	60.401	57.008	117.452	60.524	56.928
15-19	110.943	57.135	53.808	112.139	57.570	54.569	114.094	58.539	55.555
20-24	108.606	55.569	53.037	109.782	56.231	53.551	111.093	57.084	54.009

Fonte: INE. Estatística do Padrón continuo.

Sabemos que en comunidades humanas de pequeno tamaño os comportamentos sinalados poden ter lugar apartándose do que rexe no común das poboacións con carácter xeral. De feito os casos sinalados prodúcense no primeiro chanzo de idade, cun volume de poboación notablemente máis reducido que nos restantes grupos de idade, onde a ratio de masculinidade tende a recuperar os valores habituais. En todos os casos, trátase de peculiaridades no comportamento dos grupos de idade que convén deixar anotadas aínda que a súa significación demográfica sexa escasa.

¹⁸ O índice sintético de fecundidade amosa o número de fillos e/ou fillas que tería unha muller ao final da súa etapa fértil sempre que o seu comportamento reprodutivo se correspondese coas taxas de fecundidade específicas dun ano determinado. Neste texto emprégase indistintamente índice de fecundidade e taxa de fecundidade.

2

Os grupos de idade infanto-xuvenís e as dinámicas poboacionais


Se fixamos inicialmente a nosa atención na evolución da poboación galega desde 1900, obsérvase que debuxa un traxecto que nas súas liñas principais se corresponde co percorrido polos países da súa contorna. É máis, incardínase en movementos máis profundos que se debuxan a nivel mundial. O seu percorrido, nestes últimos 120 longos anos, pódenos botar luz sobre importantes cuestións de debate que se están a producir en diversos eidos. Así, unha primeira visión de conxunto do comportamento da poboación a nivel mundial permítenos comprender deseguida que a explosión demográfica que fixo superar amplamente o limiar de sete mil millóns de habitantes no planeta está a suceder nun contexto actual de baixa continua da fecundidade a nivel mundial, un fenómeno que, sabemos, tan só atopa explicación no progresivo retroceso da mortalidade.

E se baixamos de escala e fixamos a atención no marco máis reducido da poboación española, obsérvase nas súas liñas básicas un comportamento similar: á altura de 1900 tíñase unha esperanza de vida de 34 anos, o que implicaba, tendo en conta a mortalidade por idades daquela, que a metade das e dos nados non alcanzaban os quince anos de vida (reflécteno ben as pirámides de poboación dese momento de base ancha seguida de forte diminución desde as primeiras idades infanto-xuvenís); tan só o progresivo descenso da mortalidade e a súa ben coñecida aceleración posterior, con ganancias para todas as idades e xa non só as infantís) posibilitou que as xeracións foran conseguindo chegar coa gran parte dos seus efectivos vivos á idade de ter descendencia.

Coas súas coñecidas particularidades, o camiño percorrido pola poboación galega nese mesmo período (gráfico 1) mostra moitas similitudes, unha vez que incorporemos a marcada incidencia da emigración nunha gran parte do século XX na explicación do reducido crecemento experimentado pola poboación galega, se a comparamos coa española no seu conxunto, que Galicia viva a fin do seu crecemento vexetativo desde mediados dos anos oitenta do século pasado e que a drástica e pronunciada redución da fecundidade estea tendo lugar ao tempo que a Comunidade goza dunha das esperanzas de vida máis altas da UE.

O cambio de signo da balanza migratoria, os retornos e a inmigración, sumados á maior duración da vida, explican a evolución da poboación entre 1900 e 2023, que se reflicte no gráfico no que tamén se recolle a progresiva perda de peso da poboación galega no conxunto da española.

Gráfico 2. Serie histórica de poboación de Galicia.



Fonte: INE. Censos de poboación e cifras de poboación

A táboa 6, por outra banda, infórmanos da poboación total de Galicia en 1 de xaneiro de 2022, así como da súa desagregación provincial engadindo a orixe galega desta poboación ou a súa procedencia doutras comunidades autónomas españolas ou do estranxeiro.

Táboa 6. Poboación por sexo e lugar de nacemento. Ano 2022.

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.690.464	1.294.708	1.395.756
Noutra comunidade autónoma	154.484	75.863	78.621
No estranxeiro	262.221	121.751	140.470
A Coruña	1.119.180	536.587	582.593
Lugo	323.989	156.967	167.022
Ourense	304.280	146.072	158.208
Pontevedra	943.015	455.082	487.933

Fonte: INE. Estatística do Padrón continuo. 2022

Nunha visión sintética dos principais indicadores demográficos en Galicia, e no que respecta en particular aos indicadores de natalidade e fecundidade, atopámonos cunha realidade ben coñecida. Estase a dar un acusado proceso de redución das taxas de natalidade e fecundidade, con apreciables diferenzas entre as provincias da Coruña e Pontevedra fronte ás máis interiores de Lugo e Ourense. Se atendemos ao índice sintético de fecundidade, en 2020 situouse, para o conxunto de Galicia, en 1,02 nacementos por muller en idade fértil.


A observación do descenso que vén experimentando o índice de fecundidade nos últimos trinta anos permite decatármolos de que non estamos diante dun fenómeno conxuntural. Lembremos a este respecto que en 1998 a taxa de fecundidade en España acadou o seu mínimo histórico de 1,15 nacementos por muller; daquela tratábase do nivel máis baixo do mundo. Pois ben, en Galicia nese mesmo ano 1998 o índice sintético de fecundidade era de 0,92 e, como cabía esperar, acusando importantes variacións a nivel provincial.

Decatémonos de que, na xeneralidade dos casos coñecidos a nivel europeo, a baixa da fecundidade tendeu a reverter e ser agora máis elevada en sociedades onde os custos e o coidado da infancia son compartidos entre as familias e o Estado, e tamén equitativamente entre ambos os proxenitores, e onde as políticas sociais apostan decididamente pola igualdade de xénero e a conciliación da vida laboral e familiar. Recentes traballos publicados na *Revista Española de Sociología* (nº 31, 2022), nos que se combina a óptica xeracional (ao comparar a maternidade das mulleres nadas nas décadas de 1960, 1970 e 1980) e a perspectiva do curso de vida, revelan como condiciona a fecundidade a formación de parella, a traxectoria laboral e a emancipación do fogar familiar.

Non se nos escapa que a fecundidade moi baixa e as mudas sociodemográficas que entraña representan un dos retos máis importantes aos que se enfronta a sociedade galega, que está a experimentar profundos cambios no seu modelo reprodutivo e no seu marco familiar.

Outro elemento de especial importancia é o cambio que está a experimentar a idade media da maternidade, como se reflicte no seguinte gráfico 2. Móstrase unha vez máis que o devalo da fecundidade garda unha relación estreita co atraso progresivo da maternidade e da paternidade.

Gráfico 3. Cambios na idade media da maternidade. Galicia. 1980-2021.



Fonte: Elaboración propia a partir das fichas municipais do IGE.

Un factor determinante, esencial, no proceso de cambio demográfico son os cambios nas pautas da mortalidade. O incremento da esperanza de vida conseguiuase nun primeiro momento ao reducir as moi elevadas taxas de mortalidade infantil, ata situarse nos niveis de hoxe en día (táboa 6). Tras século e medio de diminución da mortalidade en todas as idades e cunha esperanza de vida que superaba en 2020 os 83,41 anos, coa coñecida diverxencia entre os datos referidos a homes (esperanza de vida de 80,45 anos) e os das mulleres (esperanza de vida de 86,28), as xeracións galegas foron adaptando, ao igual que noutras sociedades da nosa contorna, o seu esforzo reprodutivo a un escenario de alta supervivencia. Na actualidade, o aumento do tempo de vida e a superposición de xeracións (pola diminución da mortalidade tamén nas idades adultas e as progresivas ganancias en anos de vida nas franxas superiores de idade) desempeñan o papel que hai un século desempeñaba a alta natalidade no sistema reprodutivo¹⁹.

¹⁹ Porén, cómpre introducir a consideración de que parece previsible que a esperanza de vida se minore ou se retarde nos vindeiros trinta ou corenta anos debido á diminución radical da mortalidade infantil e xuvenil, pois enténdese que con taxas tan baixas de mortalidade infanto-xuvenil resulten difíciles de repetir as espectaculares ganancias en esperanza de vida acontecidas desde 1900. E ao anterior debe engadirse a consideración do papel que desempeñen as limitacións biolóxicas na progresión da lonxevidade.


Táboa 6. Taxa bruta de mortalidade e taxa de mortalidade infantil segundo o sexo. Galicia

	Taxa bruta de mortalidade			Taxa de mortalidade infantil		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
2012	11,17	11,51	10,84	2,56	2,73	2,38
2013	11,06	11,45	10,69	2,08	2,08	2,07
2014	10,93	11,38	10,51	1,99	2,53	1,39
2015	11,64	12,00	11,29	2,78	2,59	2,98
2016	11,71	12,17	11,28	3,15	3,68	2,58
2017	11,83	12,16	11,52	2,22	2,22	2,23
2018	12,01	12,44	11,61	2,36	2,58	2,12
2019	11,59	12,00	11,20	1,85	2,08	1,59
2020	12,17	12,52	11,85	2,69	3,74	1,60
2021	12,19	12,78	11,64	2,30	2,24	2,36
2022	12,98	13,24	12,74	1,86	1,90	1,83

Fonte: INE.

O seguinte gráfico 3 introdúcenos nun tema cun significado importante nas dinámicas demográficas, como son os saldos migratorios. Lembremos que desde comezos deste século XXI Galicia está a vivir a súa particular transición migratoria. De país tradicional expulsor de man de obra pasou nun lapso de tempo moi breve a recibir poboación procedente do estranxeiro (en especial, poboación retornada e inmigrante). E ben que no noso caso a inmigración foi máis reducida comparativamente que noutras comunidade autónomas, trátase igualmente dun feito de natureza crecente e irreversible, aínda debuxando as oscilacións que reflicte o gráfico, pois non esquezamos que a migración é a variable demográfica máis sensible á situación económica. De feito, no gráfico apréciase ben o impacto da anterior crise (retardado aos anos 2012-2017) e albíscase o efecto da pandemia iniciada en marzo de 2020²⁰.

Gráfico 3. Saldo migratorio total por 1.000 habitantes. Provincias. Tanto por mil.




Fonte: IGE. Indicadores migratorios

²⁰ Desde 2016 a taxa de inmigración (calculada como as inmigracións por cada 1000 habitantes) supera a taxa de emigración (emigración por cada 1000 habitantes) en Galicia, tomando no ano 2021 os valores de 9,9 saídas por cada 1000 habitantes e 15,3 entradas por cada mil habitantes.


Por outra banda, é de salientar ao respecto da poboación actual de Galicia a súa elevada idade media, que en 2021 se situaba en 47,74 anos. Asístese a un proceso de progresiva elevación desta debido principalmente ás ganancias en anos de vida, en todas as idades e de maneira significativa nas idades máis avanzadas, como ben se reflicte nos histogramas de representación da poboación (gráfico 4). Este proceso estaría a continuar en 2030, segundo a proxección do INE que se presenta no gráfico 5.

Gráfico 4. Pirámide de poboación. Galicia. Ano 2022.



Fonte: IGE. Indicadores migratorios

Gráfico 5. Proxección pirámide de poboación. Galicia ano 2037.



Fonte: IGE. Indicadores migratorios

3

A transformación das familias en Galicia

Con carácter xeral, o ámbito fundamental na protección da infancia e da adolescencia é o familiar. Cómpre por iso prestar atención aos cambios que están a alterar a súa dinámica e composición interna ao tempo que é preciso salientar que a institución familiar é unha institución dinámica de seu que ten ben probada a súa capacidade de transformación e adecuación aos distintos tempos históricos. Agora ben, no momento actual asistimos a uns cambios rápidos e profundos que, por outra banda, están en consonancia coa intensidade, e ata se podería engadir velocidade, que debuxa o proceso máis amplo de cambio demográfico e de modernización económica e social no que aqueles se insiren.

Os cambios que se veñen manifestando en Galicia, e nos países da nosa contorna, desde principios dos anos noventa impuxeron unha serie de mudanzas moi rápidas, e as formas de fogar e familia máis tradicionais evolucionaron cara a novos modelos de convivencia²¹ (concretamente monoparentais²² de só nai ou pai e tamén as chamadas familias “reconstituídas”)²³.

A LID aborda con amplitude o tema da infancia e da xuventude no proceso de cambio demográfico²⁴, que vincula con modificacións nos marcos de convivencia no fogar. Na exposición de motivos sinálase que “o cambio demográfico implica tamén unha modificación dos marcos de convivencia no fogar e unha mudanza progresiva no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas. Neste sentido, a mellora na supervivencia asegurou o núcleo filial-conxugal durante máis anos nos ciclos vitais e aumentou o seu peso no conxunto dos tipos de fogar. Por outra banda, producíronse mudanzas nas formas de vida, vinculadas ao proceso de modernización social e económica e ao desenvolvemento do Estado do benestar”²⁵.

E a enumeración dos cambios esténdese a sinalar as mudas no sistema reprodutivo e aos efectos “demográficos” que entraña a prolongación da etapa da mocidade: “Esta redución da fecundidade relaciónase moi directamente coa paulatina prolongación da etapa de xuventude, consecuencia das dificultades que atopa a mocidade na transición á vida adulta. A este respecto son expresivos o atraso na entrada no mercado de traballo, o emparellamento tardío e o progresivo incremento da idade media na primeira maternidade. Con maior ou menor intensidade, todos estes aspectos caracterizan toda a sociedade occidental”.

21 O aumento das separacións dos proxenitores nun caso, e noutro a formación de novas familias con fillos e ou fillas tras un divorcio ou separación, é a causa de que cada vez haxa máis menores que viven nun fogar destas características. Doutra banda, no caso da ausencia dun dos proxenitores, as cargas familiares debeñen moi superiores, feito que propicia que vivir nun fogar cun só pai ou nai (e especialmente no caso de nais) se corresponda cos niveis de renda máis baixos.

22 En comparación cos países bálticos, Irlanda, o Reino Unido, Hungría e Portugal, en todos os demais países europeos a monoparentalidade de só nai ou pai como definitoria do fogar ocupa un lugar minoritario como estrutura doméstica, o que non significa que sexa insignificante e que non estea a demandar maior atención.

23 As familias reconstituídas teñen unha menor visibilidade nas estatísticas.

24 Sobre a amplitude do cambio demográfico, a exposición de motivos da LID recolle: “Asistimos, polo tanto, a un cambio na dinámica e estrutura demográfica que ten efectos importantes a nivel humano, social, cultural, económico, político e medioambiental, e que supón un dos maiores retos aos que debe enfrontarse Galicia nos próximos anos. O cambio nos comportamentos reprodutivos, a maior esperanza de vida da poboación, as pautas de conformación das familias e a distribución da poboación no territorio, así como o impacto das migracións, forman parte dun mesmo proceso de carácter sistémico do que é preciso tomar conciencia e articular as medidas oportunas para xestionalo con éxito”

25 O capítulo 1 do título 1 está dedicado ao carácter sistémico das políticas demográficas.

Os cambios sinalados conduciron a unha crecente diversificación das formas de convivencia, a unha pluralización das traxectorias de vida individuais e a unha profunda transformación das relacións e redes familiares. Mudan que responden a causas múltiples e complexas. Así, a equiparación educativa das mulleres cos homes, a súa crecente incorporación e permanencia no mercado de traballo, e a consecuente necesidade de “renegociar” a división do traballo tradicional, no plano social; a tardía emancipación da mocidade, o desemprego xuvenil e a precariedade laboral, no terreo económico; a incerteza sobre o futuro, no terreo psicosocial; a secularización e a globalización de valores “modernos” con respecto aos dereitos e liberdades individuais e a equidade de xénero, no plano cultural; e a falta de adecuación do estado de benestar, o mundo laboral e a lexislación ao novo contexto familiar, no plano institucional, son algúns dos factores que se agochan tras a crecente diversidade, complexidade e tamén vulnerabilidade das estruturas familiares. E estamos a falar de cambios de particular consideración no estudo do custo da crianza.

En todo este conxunto de elementos reside a explicación de que as familias galegas do século XXI sexan máis plurais e máis complexas ao tempo que tamén amosen unha fragilidade relativa, que posiblemente responda á rapidez dos cambios producidos no seo da institución, tanto se poñemos o acento na súa estrutura como na súa dinámica, cando sabemos ademais que se trata de procesos de cambio que se van continuar. Pensemos que se a disociación entre sexualidade e reprodución foi unha das grandes impulsoras do cambio familiar na segunda metade do século XX, nos tempos máis actuais a intensidade dos cambios familiares prodúcese da man de fenómenos como a disociación entre matrimonio e reprodución, a coexistencia da maternidade/paternidade biolóxica e social e a evolución das relacións de xénero cara modelos máis igualitarios, que se plasman nunha pluralidade de modelos familiares que están a gozar de ampla aceptación. Nestes novos contextos está a cobrar unha maior relevancia o concepto de rede familiar fronte ao de fogar á hora de achegármolos á pluralidade das familias actuais e tamén ao tema dos coidados. É de salientar a este respecto a gran contribución que para o estudo das realidades familiares significou a realización da enquisa sobre redes familiares por parte da Junta de Andalucía en 2005.

Por outra parte, a crecente pluralidade de formas familiares e a súa desigual distribución por estratos socioeconómicos deu orixe a un debate intenso no campo científico e político acerca dos vínculos entre estrutura familiar, benestar infantil e desigualdade de oportunidades. Non estraña neste contexto que cobren especial importancia as políticas sociais orientadas a atenuar a desigualdade social vinculada á estrutura familiar, así como a garantir o benestar e as oportunidades dos menores, independentemente do tipo de familia en que convivan.

Acometer o deseño dunha metodoloxía de cálculo para o custo dos coidados con perspectiva demográfica obriga á inclusión das breves consideracións teórico-metodolóxicas seguintes, ao fío do exposto por J. Vinuesa e D. Puga (2017) no seu libro *Técnicas y ejercicios de demografía*²⁶.

Termos como familia, fogares, formas de convivencia non son unívocos e ás veces poderían inducirnos a confusión nun contorno lábil, de marxes borrosas e cambiantes como o actual. O repetido emprego de termos como o de “vivendas familiares” obriga a repensarmos o seu significado dado que de seu nos leva a poñer o acento nas “relacións de parentesco”, que seguen sendo a primeira causa intrínseca da convivencia de persoas²⁷.

Agora ben, sabemos que un 26,0 por cento das “vivendas familiares” en Galicia (e a este respecto os datos galegos non difiren substancialmente dos españois²⁸) estaban ocupadas (datos do INE, 2020 *Enquisa continua de fogares*) por unha soa persoa. Na provincia da Coruña a porcentaxe do total de fogares unipersoais é de 26,05 por cento; na de Lugo 27,81 por cento; na de Ourense 29,04 por cento; e na de

26 As citas textuais deste texto de referencia preséntanse traducidas ao galego. E o mesmo se mantén no caso de citas textuais de autores ou autoras doutros traballos referenciados no texto.

27 Velaí que “un nesgo común dos individuos que integran a maior parte das unidades de convivencia sexa o de ter vínculos por razón de parentesco” (Vinuesa e Puga, 2017:253). As “relacións de parentesco”, en expresión destes mesmos autor e autora, aglutinan os individuos para formar unidades demográficas que, ademais de compartir unha vivenda, un patrimonio e uns ingresos, teñen intereses comúns que poden manifestarse na toma conxunta de decisións e en pautas así mesmo comúns.

28 Recolle o INE na súa Enquisa continua de fogares 2020 que o número medio de fogares en España aumentou en 129.100 no ano 2020 e acadou os 18.754.800. O tamaño medio do fogar foi de 2,50 persoas, a mesma cifra que o ano anterior.

Pontevedra 24,20 por cento. Ao anterior súmase que un número difícil de determinar (ben que as enquisas permiten certas achegas), pero en aumento, convive con persoas coas que non ten relación de parentesco en sentido estrito, o que nos está a advertir xa de que hai un número crecente de unidades de convivencia nas que as relacións de parentesco non existen ou non son evidentes. A táboa 7 dános información sobre o número de fogares en Galicia e a súa distribución provincial e por grandes comarcas.

Táboa 7. Número de fogares. Galicia 2022.

Comarca	Nº de fogares
Galicia	1.075.898
A Coruña	451.597
A Coruña Suroriental	23.489
Ferrol-Eume-Ortegal	77.793
Área da Costa da Morte	49.895
A Barbanza-Noia	36.381
Área da Coruña	186.959
Área de Santiago	77.080
Lugo	130.191
Lugo Sur	19.522
Lugo Oriental	13.752
Lugo Central	68.671
A Mariña	28.246
Ourense	127.806
O Carballiño-O Ribeiro	17.610
Ourense Central	19.085
Ourense Sur	32.363
Área de Ourense	58.748
Pontevedra	366.304
Pontevedra Nororiental	25.065
Pontevedra Sur	42.638
Caldas-O Salnés	53.784
O Morrazo	31.240
Área de Pontevedra	49.133
Área de Vigo	164.444

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

O IGE, nas súas Proxeccións de fogares 2020-2035, presenta para os próximos anos (no horizonte 2035) unha evolución negativa no número de fogares, agás para a provincia de Pontevedra. E no caso das 20 áreas (agrupación de comarcas), que se presentan na anterior táboa, as comarcas en que se incrementaría o número de fogares redúcense a cinco²⁹.

29 Son: área da Coruña; área de Pontevedra; área de Santiago; Caldas-O Salnés e área de Vigo. No mesmo período a maior diminución tería lugar nas áreas de Lugo Oriental, na de Ourense Sur e na do Carballiño-O Ribeiro.

Táboa 8. Fogares segundo o número de persoas. Porcentaxes de Galicia e provincias 2022.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Unha	22,3	23,57	22,98	24,18	19,84
Dúas	34,25	33,08	35,52	38,98	33,6
Tres	23,02	22,67	21,74	21,12	24,58
Catro	15,37	15,8	14,42	11,8	16,42
Cinco	3,92	3,93	4,08	2,89	4,22
Seis ou máis	1,13	0,95	1,25	1,03	1,34
Total	100	100	100	100	100

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Táboa 9. Tamaño medio dos fogares. Proxeccións de fogares 2022-2037

	2022	2037
Galicia	2,49	2,39
A Coruña	2,47	2,38
Lugo	2,46	2,4
Ourense	2,34	2,29
Pontevedra	2,57	2,43

Fonte IGE. Proxeccións de fogares 2022-2037

O número de fogares segundo o número de persoas experimentaría no ano 2037 (gráfico 8) un incremento no número de fogares de maior tamaño e tamén do número de fogares de menor tamaño. Diminuiría, pola contra, o número de fogares de 3, 4 e 5 persoas. En canto ao tamaño medio dáse unha diminución.


A variación do número de fogares é un fenómeno en parte independente das compoñentes do crecemento da poboación con matizacións importantes, pois ben que a natalidade non supón un aumento do número de fogares, a mortalidade si actúa directamente na diminución dos fogares unipersoais. Claro está que natalidade e mortalidade actuarán sempre producindo algunhas modificacións no tamaño, nos tipos e nas características dos fogares en que incidan. As migracións, pola súa parte, dependendo do seu carácter, poden ter unha repercusión directa cando se trata de migracións de fogares completos. No caso das migracións de persoas soas, o seu efecto, máis que no número de fogares, reflíctese no crecemento doutros tipos sen núcleo.

As variacións nas formas de convivencia tamén poden traducirse na aparición de novos fogares e na desaparición doutros previamente existentes. Sucede así co fenómeno da emancipación ou nos casos de formación e da ruptura de parella³⁰. Nos países da nosa contorna occidental ao descenso e atraso da fecundidade súmase o aumento dos fogares individuais de persoas que deciden vivir soas e o atraso na idade de formar parella. O incremento de rupturas de parellas constitúe outro factor de aparición de fogares unipersoais e monoparentais de só nai ou pai, mentres que a reconstitución de parellas pode producir o efecto contrario.

³⁰ O aumento da esperanza de vida e o conseqüente efecto de envellecemento polo cumio do histograma de representación da estrutura de idades entraña, pola súa vez, un incremento dos fogares unipersoais de persoas maiores que, non esquezamos, tenden a vivir soas ata idades cada vez máis avanzadas. O cambio de residencia cara a un establecemento colectivo significa, pola contra, a desaparición dun fogar destas características.

Estes cambios na dinámica sociodemográfica dos países avanzados reflíctense nunha estrutura na que cobra maior protagonismo o aumento do número de fogares máis pequenos e, xa que logo, asístese a unha progresiva redución do tamaño medio e un crecemento do número de fogares máis rápido que o da poboación. Así, no último período intercensal o crecemento da poboación galega foi do 2,8 por cento mentres que o número de fogares se incrementou nun 15 por cento.

Gráfico 8. Distribución dos fogares segundo o seu tamaño. Galicia. Proxeccións de fogares 2022-2037



Fonte IGE. Proxeccións de fogares 2022-2037

Táboa 10. Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Galicia 2022

	Porcentaxe	Número
Unipersoal	22,3	239.958
Sen núcleo	2,12	22.857
Parella con fillos	30,68	330.039
Parella sen fillos	24,67	265.461
Monoparental	10,2	109.786
Un núcleo e outros	6,67	71.802
Varios núcleos	3,35	35.994
Total	100	1.075.898

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Nunha visión de síntese poderíase afirmar que algo máis das tres cuartas partes da poboación galega convive hoxe en día nun fogar unifamiliar e a proporción restante (22,3 por cento) reside practicamente na súa totalidade nun fogar unipersoal. Con todo, a composición dos fogares unifamiliares reflicte importantes mudas no seu contido, aínda que a súa forma continúe en gran medida sendo a mesma. Mudan que se suceden en función das diversas etapas da familia nuclear, xa sexa unha parella, un núcleo biparental ou unha persoa soa tras a emancipación dos seus fillos e/ou fillas e a separación ou morte da súa parella. Cómpre sinalar de novo que os fogares unifamiliares teñen unha representación notablemente máis elevada en Lugo e Ourense.

Os cambios que máis sorprenden hoxe en día veñen producíndose dun xeito paulatino, sen debuxar saltos abruptos. Así, se no último cuarto do século XX e nos primeiros lustros do XXI o protagonismo na estrutura do fogar lle correspondía en Galicia ao fogar composto por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, esta

estrutura de fogar iría perdendo a súa presenza maioritaria na nova centuria polo crecemento exponencial doutro tipo de fogares relacionados co enfraquecemento da formación familiar clásica e co envellecemento da poboación. Estase a falar do fogar composto por unha parella sen fillos e dos fogares unipersoais.

Os fogares compostos por unha parella sen fillos triplicaron a súa presenza nestes anos, en tanto que os unipersoais se quintuplicarán. En Galicia, actualmente, algo máis de tres de cada dez fogares son de parella con descendentes; 2,46 de parella sen descendencia, e 2,30 unipersoais. O resto están compostos fundamentalmente por fogares de núcleo monoparental de só nai ou pai; e un pequeno grupo sen familia. Esta imaxe non difire substancialmente da que reflicte a familia española. Tamén no conxunto de Europa, a estrutura doméstica máis habitual é a formada por unha parella cos seus fillos e/ou fillas, a familia nuclear clásica.

A vulgar polos patróns observados, este tipo de estrutura doméstica esténdese moitos máis anos durante o curso vital da poboación de Europa do sur (destacando España, como o país en que máis tempo se convive con parella e fillos e/ou fillas) e a Europa do leste. No outro polo, a Europa central destaca pola súa reducida extensión do tempo de convivencia da parella cos fillos e/ou fillas, así como pola mocidade da parella que conforma o núcleo principal. Así, por exemplo, en Alemaña, o Reino Unido e Francia, esta parella ten ao redor de 44 anos (fronte aos 50 da media en España), e o tempo transcorrido nesta estrutura doméstica oscila entre os 16 e os 20 anos (fronte aos 25 que dura en España).

O dato anterior ten especial relevancia pois suxírenos que, en Europa central, o esforzo de coidado dos fillos que realiza unha parella no interior do fogar é moito menor, sempre en comparación coa Europa do leste e meridional. De maneira complementaria, os fogares unipersoais e os formados por unha parella sen fillos teñen moita maior presenza entre a mocidade en Europa central que no resto do continente.

Táboa 11. Fogares segundo o número de persoas menores de 5 anos. Galicia 2022.

	Ningunha		Unha ou máis		Total	
	Porcentaxe	Número	Porcentaxe	Número	Porcentaxe	Número
Galicia	93,53	1.006.323	6,47	69.575	100	1.075.898
A Coruña	93,34	421.512	6,66	30.085	100	451.597
Lugo	94,12	122.541	5,88	7.650	100	130.191
Ourense	95,05	121.480	4,95	6.326	100	127.806
Pontvedra	93,03	340.790	6,97	25.514	100	366.304

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Táboa 12. Fogares segundo o número de persoas menores de 16 anos. Galicia 2022.

	Ningunha		Unha		Dúas ou máis		Total	
	%	Nº	%	Nº	%	Nº	%	Nº
Galicia	78,64	846.112	13,23	142.343	8,13	87.443	100	1.075.898
A Coruña	78,5	354.521	13,3	60.083	8,19	36.992	100	451.597
Lugo	79,84	103.944	14,14	18.403	6,03	7.844	100	130.191
Ourense	83,49	106.706	9,79	12.517	6,72	8.583	100	127.806
Pontvedra	76,7	280.941	14,02	51.340	9,29	34.023	100	366.304

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

Táboa 13. Fogares segundo teñan ou non nenos e mozos a cargo. Porcentaxe Galicia 2022.


	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Fogares con nenos e mozos a cargo	28,89	28,97	26,82	24,1	31,19
Un adulto con nenos e mozos a cargo	2,96	2,49	3,03	2,94	3,51
Dous adultos cun neno e mozo a cargo	10,16	10,33	9,83	8,71	10,57
Dous adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	9,47	10,17	7,7	7,22	10,03
Tres ou máis adultos cun neno e mozo a cargo	4,45	4,34	4,59	3,75	4,79
Tres ou máis adultos con dous ou máis nenos e mozos a cargo	1,84	1,64	1,67	1,48	2,28
Fogares sen nenos e mozos a cargo	71,11	71,03	73,18	75,9	68,81

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

As anteriores táboas aléttannos da pronunciada redución do número de fogares con menores ao seu cargo. Os datos do IGE corroboran que no 78,64 por cento do total dos fogares galegos (846.112 en números absolutos) non reside ninguén menor de 16 anos.

A porcentaxe máis alta de fogares sen persoas menores de 16 anos dáse na provincia de Ourense (83,49 por cento) e a máis baixa en Pontevedra (76,7 por cento). De especial consideración nun estudo do custo da crianza é o feito de que o 93,53 por cento dos fogares da Comunidade Autónoma non conta con ningún individuo menor de 5 anos, con tendencia ademais á baixa.

Gráfico 9. Mozos que viven cos pais segundo a idade. Porcentaxes Galicia 2022.



Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares

O 90,43 por cento da xente nova de entre 18 e 24 anos vive no fogar familiar, o que representa un moi lixeiro ascenso verbo do ano anterior, no que cabería pensar que este retroceso na emancipación poida gardar relación coa pandemia de Covid. A mocidade de entre 25 e 34 anos que vive cos pais e/ou nais elévase a un 47,69 por cento sobre o total nese grupo de idade, coa particularidade de que reflicte unha diminución con respecto a 2019 no caso das mulleres.



Fontes, metodoloxía e custo da crianza

Neste capítulo II abórdase, en primeiro lugar, o significado e alcance da *Enquisa de presupostos familiares (EPF)*, elaborada polo *Instituto Nacional de Estadística (INE)*, á hora de elaborar unha metodoloxía que permita avaliar o custo da crianza nun período que, no noso caso de análise, se estende entre os 0 anos e os 24 cumpridos.

Co obxectivo posto en Galicia, é obrigado analizar antes a metodoloxía seguida en estudos sobre España. Consideramos que o anterior constitúe un punto de partida necesario para avanzar nunha metodoloxía que permita unha achega a un custo real (no sentido de previsible e de bastante aproximado) da crianza en Galicia. O resultado para Galicia preséntase no curso do desenvolvemento do traballo.

A large, abstract blue background with a large white number '1' in the bottom left corner. The blue background has a subtle, textured pattern of lighter and darker shades, creating a sense of depth and movement. The number '1' is a simple, bold, sans-serif font, positioned in the lower-left corner of the blue area.

1

Explicación da *Enquisa de presupostos familiares (EPF)* do INE

A EPF elabórase anualmente. Ofrece Información das condicións de vida dos fogares, así como a natureza e destino dos gastos dos núcleos de convivencia.

Os gastos de consumo que se rexistran na EPF refírense tanto ao fluxo monetario que destina o fogar ao pago de determinados bens e servizos de consumo final, como ao valor de determinados consumos non monetarios efectuados polos fogares. Entre estes últimos cabe sinalar os alugueiros imputados (é dicir, o alugueiro estimado da vivenda na que reside o fogar cando é propietario dela ou cando a ten cedida), o salario en especie, as comidas gratúitas ou bonificadas efectuadas no lugar de traballo ou os consumos procedentes da produción para consumo final propio (horta, explotación agrícola, fábrica, taller ou o comercio propio).

A EPF obtén a súa información mediante entrevista persoal a preto de 24.000 fogares, seleccionados aleatoriamente, que colaboran durante dúas semanas consecutivas en cada un dos dous anos que permanecen na mostra.

Desde a súa implantación, en 1958, alternáronse diferentes modelos de enquisa que trataban de recoller as necesidades de información de cada momento. Tradicionalmente, realizábanse dous tipos de EPF, as “estruturais” ou básicas, cunha periodicidade de oito ou dez anos, e as “conxunturais” ou trimestrais. En 1997 implántase por primeira vez unha EPF que trata de aglutinar os aspectos máis positivos dos dous tipos de operacións co fin de responder a todas as necesidades do conxunto de usuarios.

Coa integración dos contidos e metodoloxías dos dous tipos de enquisas precedentes conséguese aforrar en custos e aproveitar as economías de escala que xorden pola utilización dos mesmos recursos humanos e procedementos de enquisas.

Nos anos transcorridos desde 1997 ata 2006 foron cambiando as esixencias dos usuarios e as necesidades das estatísticas que se nutren desta enquisa. Tamén se formularon, e se incluíron, diversas recomendacións metodolóxicas provenientes de distintos foros internacionais, especialmente da oficina de estatística da Unión Europea (Eurostat). Isto, unido á esixencia lóxica de toda enquisa permanente de revisar os principais elementos metodolóxicos que a caracterizan, converte o proceso de cambio metodolóxico nunha necesidade cuxa principal liña directriz foi a de asegurar a máxima calidade da información proveniente da nova enquisa.

A reforma implantada no ano 2006 mantén a idea de satisfacer, mediante unha soa enquisa, os principais obxectivos das enquisas estruturais e conxunturais que o INE realizaba ata 1997. A EPF froito da reforma é unha enquisa anual que, por tanto, proporciona información sobre o gasto anual dos fogares e ademais permite medir a súa evolución.

Nos obxectivos prioritarios da EPF inclúese a obtención de calquera variable relacionada co gasto, total ou medio, as súas correspondentes taxas de variación e as estruturas de consumo procedentes destes, é dicir:

- Obtención de estimacións do agregado gasto de consumo anual dos fogares para o conxunto español e as comunidades autónomas, así como a súa clasificación segundo diversas variables do fogar.
- Estimación do cambio interanual do agregado gasto de consumo para o conxunto español e para as comunidades autónomas.
- Estimación do consumo en cantidades físicas de determinados bens alimenticios e fontes de enerxía para o conxunto español.

Ademais, dentro dos obxectivos prioritarios destacan pola súa importancia outros dous relacionados con necesidades concretas das principais persoas usuarias da enquisa: a estimación do gasto como instrumento para a obtención do consumo privado na contabilidade nacional e a estimación da estrutura de ponderacións a partir do gasto, necesaria para o cálculo do IPC.

A clasificación utilizada para recoller os gastos é a COICOP, adaptación española da clasificación internacional utilizada en Eurostat para as enquisas de presupostos (COICOP/HBS), e que está estruturada nos seguintes doce grandes grupos:

1. Alimentos e bebidas non alcohólicas

2. Bebidas alcohólicas, tabaco e narcóticos

3. Artigos de vestir e calzado

4. Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles

5. Mobiliario, equipamento do fogar e gastos correntes de conservación da vivenda

6. Saúde

7. Transportes

8. Comunicacións


9. Lecer, espectáculos e cultura

10. Ensino

11. Hoteis, cafés e restaurantes

12. Outros bens e servizos

Gráfico 10. Distribución do gasto entre os diferentes grupos



Fonte: INE.

Unidades de análise e mostraxe

Unidades de análise: tendo en conta que o obxectivo da enquisa é o de estudar os gastos de consumo dos fogares, as unidades básicas de análise son os fogares privados residentes en vivendas familiares principais.

Unidades de mostraxe: tómake como unidade primaria de mostraxe a sección censual e como unidade última as vivendas familiares principais que pertencen á devandita sección. Son obxecto de investigación todos os fogares que residan nas vivendas principais seleccionadas.

No relativo aos ámbitos da investigación na enquisa, son os seguintes:

Ámbito poboacional: a poboación obxecto da investigación ou poboación obxectivo, á que van referidos os datos e as tabulacións, é o conxunto de fogares privados, así como as persoas que forman parte deles.

Ámbito xeográfico: o ámbito xeográfico constitúeo todo o territorio español.

Ámbito temporal: o ámbito temporal ou período de estudo é o ano natural. Así, ofrécense resultados anuais tanto do gasto total e dos gastos medios efectuados polos fogares privados residentes en España, como da variación destes gastos respecto do ano anterior, cos niveis de desagregación especificados anteriormente.

Resultados destacados da enquisa (EPF)


En canto aos resultados da enquisa, en síntese, son os seguintes:

O gasto medio por fogar aumentou un 7,9 por cento en 2022, ata os 31.568 euros. En termos constantes creceu un 2,0 por cento. Os grupos nos que máis aumentou o gasto medio por fogar foron restaurantes e hoteis, ocio e cultura e transporte. Os únicos grupos nos que diminuíu o gasto medio por fogar foron bebidas alcohólicas e tabaco e comunicacións. Por comunidades autónomas, o maior gasto medio por persoa rexistrouse no País Vasco, con 15.103 euros, e o menor en Castilla-La Mancha, con 10.698 euros.

● Evolución temporal

A evolución temporal é crecente, tenuemente, nos últimos anos, aínda que con caídas producidas polas crises económicas, e de maneira particular pola gran recesión. No ano 2020, de novo, o gasto vese xa fortemente afectado pola pandemia, como ben se pode observar no seguinte gráfico 11.

Gráfico 11. Gasto medio por persoa 2006-2022.



Fonte: INE.

Táboa 14. Gasto medio por persoa 2006-2022

	Gasto medio por persoa
2006	11.128
2007	11.758
2008	11.895
2009	11.439

2010	11.276
2011	11.281
2012	11.012
2013	10.716
2014	10.780
2015	10.982
2016	11.312
2017	11.726
2018	12.019
2019	12.152
2020	10.848
2021	11.780
2022	12.780

● Distribución xeográfica

Relacionando a enquisa cos resultados de contabilidade nacional, poderemos ver os efectos redistributivos de considerable intensidade que tanto o sistema de pensións como o noso peculiar sistema de financiamento das comunidades autónomas realizan.


Pódese comprobar un feito redistributivo evidente, con dúas claras excepcións, o País Vasco e Navarra, que non participan na solidariedade territorial (táboa 15).

Táboa 15. PIB per cápita UE/España/CCAA

	Comunidade Autónoma	PIB per cápita (euros)
1	Madrid	38.435
2	País Vasco	35.832
-	Media UE-27	35.440
3	Navarra	33.798
4	Cataluña	32.550
5	Aragón	31.051
6	Illes Balears	29.603
7	La Rioja	29.579
-	Media española	28.162
8	Castilla y León	26.992
9	Cantabria	26.167
10	Galicia	25.906
11	Asturias	25.675
12	Comunitat Valenciana	24.473
13	Murcia	23.197
14	Castilla-La Mancha	22.574
15	Canarias	22.303
16	Extremadura	21.343
17	Andalucía	21.091


Compróbase, no seguinte gráfico 12, que as diferenzas están máis atenuadas no gasto por persoa que as que corresponderían derivadas da renda per cápita.

Gráfico 12. PIB per cápita e gasto por persoa nas comunidades autónomas en 2022.



Fonte: INE.

Gráfico 13. Gasto e renda por persoa. Índice España = 100



Enquisa de presupostos familiares e renda en Galicia. A súa relación con España


Galicia tivo unha tendencia similar á española tanto en crecemento do PIB como do gasto efectivo por persoa. Mais debemos sinalar que se axexa unha converxencia Galicia-España en termos de renda per cápita e unha superación recente en gasto por persoa, aínda que a pandemia, que está a ter un forte efecto en ambas as variables, impide albiscar con precisión a consolidación de tal fenómeno.

Na táboa 16 e o gráfico 14 seguintes expónse o gasto efectivo por persoa segundo a EPF de Galicia e España, onde se comproba unha clara converxencia.

Táboa 16. Gasto medio do fogar e gasto medio por persoa segundo a principal fonte de ingresos do fogar

	España	Galicia
2016	11.312	10.606
2017	11.726	10.938
2018	12.019	11.119
2019	12.152	10.987
2020	10.848	10.293
2021	11.780	11.806
2022	12.780	13.008

Gráfico 14. Diferenzas no gasto por persoa. Galicia e España




Fonte: INE

Na táboa 17 e no gráfico 15 seguintes expónse a renda per cápita segundo a contabilidade nacional de Galicia e España, onde non é tan evidente unha converxencia

Táboa 17. Renda per cápita Galicia e España

	España	Galicia
2016	23.992	21.479
2017	24.982	22.341
2018	25.763	23.129
2019	26.441	23.795
2020	23.635	21.737
2021	25.801	23.717
2022	28.162	25.906

Gráfico 15. Diferenzas na renda per capita. Galicia e España



Fonte: INE

3

Cálculo do custo da crianza en España e Galicia

Nesta parte da investigación primeiro analizaremos o custo da crianza a nivel español debido a que neste caso hai máis información e estudos, para posteriormente podermos aplicar a paridade de poder adquisitivo para atopar o custo necesario en Galicia. Facémolo así pois consideramos que, nunha primeira instancia, as necesidades básicas da infancia, adolescencia e primeira mocidade en Galicia non difiren substancialmente das sinaladas para os grupos de idade españois de referencia.

Para calcular o custo da crianza dun fillo ou filla necesítase estimar cales son as súas necesidades básicas. Ben que parece haber acordo sobre cales son as mínimas condicións de vida que permitan desenvolver o potencial que encerra a infancia e a mocidade, así como garantir un coidado e atención, non deixa de ser debatible e subxectivo ata onde podemos considerar tales necesidades básicas.

Non abundan os estudos ao respecto en España e os que hai difiren moito en metodoloxía e fundamentos estatísticos.

Neste apartado do noso estudo basearémonos na cesta de produtos especificados na “Enquisa de presupostos familiares” (EPF), xa comentada con anterioridade, e na cesta de necesidades mínimas elaborada pola ONG *Save The Children*.

Faremos un cálculo das necesidades de 0 a 17 anos e posteriormente analizaremos as características específicas do grupo de 16 a 24 anos, que presenta diferenzas significativas cos restantes grupos de idade.

Definición e cálculo de grupos de gasto

A metodoloxía de cálculo do custo da crianza baséase na elaboración dun orzamento de necesidades básicas para distintos tipos de fogares e de nenos/as en diferentes etapas. Primeiro, defínese unha cesta de bens e servizos básicos, así como unha cantidade mínima do seu consumo para unha crianza digna. En segundo lugar, utilizando datos da “Enquisa de presupostos familiares” (EPF) e combinándoos con outras fontes de datos, prezos de tendas que están presentes en todo o territorio español ou outros informes e literatura existente, calcúlase o custo mínimo correspondente ás distintas dimensións da crianza identificadas.

- 1. Alimentación:** o custo da dieta recomendada pola Asociación Española de Pediatría, nas cantidades necesarias para cada idade, tendo en conta o período de lactación recomendado pola Organización Mundial da Saúde.
- 2. Hixiene:** o custo dunha cesta de produtos de hixiene en cantidades adecuadas ás necesidades de cada etapa: desde produtos como cueiros e toallíñas húmidas, nos primeiros anos, a desodorizantes, cremas ou compresas e tampóns na adolescencia e mocidade.
- 3. Roupa e calzado:** canto máis cativos, máis rápido cambian de talle e maior é a necesidade de cambiar de vestimenta. Calculouse o gasto dunha cantidade básica de roupa e calzado axeitada a cada idade.
- 4. Educación:** asumíuse que toda a etapa infantil se desenvolve en escolas públicas. Cada vez máis os e as menores de entre 0 e 3 anos acoden a centros de educación infantil³¹. E máis nas novas circunstancias³² que se abren unha vez que a Xunta de Galicia aplique, como xa está a facer, unha iniciativa, que a propia Administración considera como pioneira, que “a partir de setembro de 2022... permitirá que todas as familias queden exentas do pago da matrícula e a atención educativa dos seus fillos en calquera escola infantil”³³. A consellería de Política Social e Xuventude define as escolas infantís como “centros educativos que desenvolven o seu labor no primeiro ciclo de educación infantil, isto é, a atención a nenas e nenos de 0 a 3 anos. Proporcionan un servizo integral de conciliación a través dun programa que garante o pleno desenvolvemento das pequenas e pequenos”³⁴.

A asistencia a este tipo de centros viña sendo para moitas familias máis froito dunha necesidade de conciliación da vida laboral e persoal que dunha decisión educacional. Esta é a razón de que esta partida estea incluída no apartado de conciliación neste proxecto que presentamos. As partidas que se incluíron para calcular o gasto educativo son comedor escolar, actividades complementarias e outras de índole similar.

- 5. Lecer e xoguetes:** consideramos que as necesidades de xoguetes son crecentes desde os 0 aos 12 anos. A partir desta última idade o lecer cobra un espazo maior, así como os produtos tecnolóxicos e de telefonía.

31 Ata o de agora (e desde 2020) a Xunta de Galicia viña ofrecendo educación gratuíta no primeiro ciclo de infantil para todos os segundos fillos e sucesivos de 0 a 3 anos.

32 Poden ser beneficiarios desta medida, “a partir de setembro de 2022, todas as familias con fillos de entre 0 e tres anos que estean inscritos nalgunha escola infantil da Comunidade galega adherida ao programa de gratuidade da Xunta de Galicia”. Non é preciso solicitar a gratuidade: “A escola infantil na que se inscriba o neno de 0 a 3 anos aplicará directamente a todos os beneficiarios o desconto do 100 por cen no custo da matrícula. Será a Xunta de Galicia quen aboe o custo do servizo educativo ao centro beneficiario, en caso de non ser de titularidade pública autonómica”.

33 A gratuidade aplícase tanto nos centros públicos de titularidade autonómica (dependentes da AGASS, Axencia galega de servizos sociais, e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar) como nos privados, de iniciativa social, municipais ou de calquera outra índole que estean adheridos ao programa.

34 “A gratuidade -sinálase- aplícase aos custos do servizo de educación infantil, pero non aos servizos complementarios, como os de comedor ou transporte, ou calquera que ofrezca o centro”. Engádese: “Para os efectos desta orde, entenderase por atención educativa a actividade realizada dentro da aula en horario ordinario”. Indícase que “actualmente máis do 98 por cento das escolas infantís de Galicia, tanto as públicas de titularidade autonómica como as privadas, de iniciativa social, municipais ou de calquera outra índole, están adheridas ao programa. Os centros que ofrecen a gratuidade para os segundos fillos e sucesivos teñen o deber de comunicalo ás persoas interesadas, así como de anunciálo fisicamente nas súas instalacións e virtualmente a través da súa páxina web e redes sociais, en caso de telas”.

- 6. Sanidade:** asúmese que as familias fan uso da sanidade pública. Engádense custos non incluídos como o das vacinas recomendadas e non cubertas (Rotavirus e Meningococo B), odontoloxía³⁵ e medicamentos.
- 7. Mobles e enxoval doméstico:** no primeiro necesítanse berces ou carriños, nos anos posteriores, unha cama, cambios no enxoval, etc.
- 8. Vivenda:** fíxose o cálculo da diferenza que significa pasar de non ter fillos e/ou fillas a telos (de un a dous ou máis dormitorios). Aplicouse esta diferenza ao custo da vivenda con nenos e nenas, calculando o seu custo en función do tipo de fogar.
- 9. Gastos correntes da vivenda:** as partidas consideradas nesta cesta de servizos son as asociadas cos custos de auga, a taxa do lixo, a taxa de saneamento, os gastos de comunidade, o gas e mais a electricidade.
- 10. Transporte:** fíxose o cálculo segundo o prezo en transporte público en todas as capitais de provincia.
- 11. Conciliación:** de 0-3 anos calculouse o custo dos gastos non cubertos pola atención educativa nas escolas infantís, e para o grupo de 4 anos en diante o custo en actividades extraescolares, de verán e outros coidados (canguro).
- 12. Gastos extraordinarios:** gastos esporádicos non incluídos nas outras dimensións, como paga semanal, excursións, aniversarios, imprevistos, etc.

Resultados preliminares


O custo da crianza en 2022 é de 672 € ao mes por fillo ou filla. Na táboa 18 e no gráfico 16 preséntanse os custos da crianza para cada unha das partidas agrupados por franxas de idade.

Táboa 18. Custo da crianza por mes e fillo/a (euros e porcentaxes)

	Porcentaxe	Euros
Alimentación	17,4	117
Hixiene	3,6	24
Roupa e calzado	7,9	53
Educación	13,1	88
Ocio e xoguetes	5,2	35
Sanidade	0,6	4
Mobles e enxoval	1,9	13
Vivenda	12,5	84
Gastos correntes da vivenda	3,9	26
Transporte	2,2	15
Conciliación	17,3	116
Gastos extarordinarios	14,1	95
Total	100	672

³⁵ Fixemos uso da *Guía técnica. Programa de saúde bucodental en atención primaria*. Novas prestacións, editado pola Xunta de Galicia en 2006. No pasado mes de xuño (2022), o goberno de España aprobou ampliar a “carteira común de servizos de saúde bucodental no Sistema Nacional de Salud (SNS)”. O denominado Plan de acción bucodental aumenta as prestacións incluídas ata o de agora na sanidade pública, para intentar que todas as comunidades autónomas teñan uns servizos máis igualitarios. Este aumento da cobertura pública afecta de maneira especial a poboación infantil e xuvenil.

Gráfico 16. Custo da crianza. Porcentaxes.



O custo da crianza por idades

As necesidades na infancia van cambiando a medida que se vai medrando; reflíctense no gasto económico das familias que varía ao longo dos anos. Para observar estas variacións, calculouse o custo da crianza segundo idade e características de gasto comúns: de 0 a 3 anos, de 4 a 6, de 7 a 12 e de 13 a 17 anos.

Táboa 19. Custo da crianza por mes e fillo/a, por franxa de idade (euros e porcentaxes)

	0-3 anos		4-6 anos		7-12 anos		13-17 anos		0-17 anos	
	€	%	€	%	€	%	€	%	€	%
Alimentación	66	11,9	80	13,1	133	19	148	20,1	117	17,4
Hixiene	67	12,1	12	2	14	2	16	2,2	24	3,6
Roupa e calzado	77	13,8	35	5,7	42	6	61	8,3	53	7,9
Educación	0	0	113	18,5	117	16,7	93	12,6	88	13,1
Ocio e xoguetes	17	3,1	29	4,8	29	4,1	57	7,7	35	5,2
Sanidade	7	1,3	5	0,8	3	0,4	3	0,4	4	0,6
Mobles e enxoval	39	7	19	3,1	4	0,6	4	0,5	13	1,9
Vivenda	84	15,1	84	13,8	84	12	84	11,4	84	12,5
Gastos correntes da vivenda	11	2	24	3,9	29	4,1	34	4,6	26	3,9
Transporte	0	0	10	1,6	17	2,4	23	3,1	15	2,2

Conciliación	182	32,7	123	20,2	123	17,5	68	9,2	116	17,3
Gastos extraordinarios	5	0,9	76	12,5	105	15	145	19,7	95	14,1
Total	556 €		610 €		701 €		736 €		672 €	

Gastos entre cero e tres anos

Nesta franxa de idade o gasto necesario elévase a 556 euros. O desembolso máis elevado é o de conciliación polo custo das actividades non subvencionadas en moitos casos. Cabe sinalar as diferenzas entre autonomías e municipios nas axudas e baremos de renda utilizados para minorar o gasto³⁶. Trátase dunha axuda que beneficia especialmente os deciles máis baixos.


Séguelle en gasto roupa e calzado. Obviamente nestas idades a evolución corporal é moi rápida, o que supón unha elevada substitución dos produtos. Tamén ocupan unha porción elevada os gastos en alimentación.

Posteriormente, temos os gastos en vivenda, debido ao cálculo realizado do custo do fogar.

Os seguintes gastos son menores, pero irán incrementándose coa idade.

No gráfico 17 móstranse os diferentes gastos referentes a esta franxa de idade.

Gráfico 17. Principais fontes de gasto entre 0 e 3 anos.



36 Necesariamente habería que ter en conta aquí os beneficios da tarxeta benvinda, así como igualmente os das casas niño.


Gastos entre catro a seis anos

Nesta franxa de idade o gasto necesario elévase a 610 euros. O desembolso máis elevado continúa a ser conciliación, aínda que se continúa reducindo.

Seguen a ocupar a segunda praza os gastos educativos, pero empezan a ser moi importantes os gastos extraordinarios polo incremento das relacións sociais para a formación integral. Continúan a ocupar unha porción elevada os gastos en alimentación. Redúcese lixeiramente a porcentaxe de gasto en roupa e calzado. Seguen os gastos en vivenda, que se manteñen estables.

No seguinte gráfico móstranse os diferentes gastos referentes a esta franxa de idade.

Gráfico 18. Principais fontes de gasto entre 4 e 7 anos




Gastos entre sete a doce anos

Nesta franxa de idade o gasto necesario elévase a 701 euros. O desembolso máis elevado continúa a ser conciliación, aínda que se reduce sensiblemente debido á presenza da escola pública.

Pasan a ocupar a segunda praza os gastos en alimentación polo aumento de necesidades nutritivas que o incremento da idade leva de seu. Son elevados tamén os gastos educativos pola necesidade de actividades de apoio, materiais etc. Debe destacarse a variedade de axudas existentes de provisión pública, pero de novo de gran variabilidade.

Segue en gasto a categoría de roupa e calzado. Obviamente a estas idades a evolución corporal é moi rápida o que leva a unha elevada substitución dos produtos. Posteriormente temos os gastos en vivenda, que manteñen unha posición estable. No seguinte gráfico móstranse os diferentes gastos referentes a esta franxa de idade.

Gráfico 19. Principais fontes de gasto entre 7 e 12 anos




Gastos entre doce e dezasete anos

Nesta franxa de idade o gasto necesario elévase a 736 euros. O desembolso máis elevado pasa a ser a alimentación e continúa sendo elevado o desembolso en conciliación e mantéñense os gastos educativos. Ocupan unha porción importante os gastos extraordinarios e a conciliación. Despois están os gastos en vivenda, que non varían.

No seguinte gráfico móstranse os diferentes gastos referentes a esta franxa de idade.

Gráfico 20. Principais fontes de gasto entre 12 e 17 anos



4

Estimación do custo da crianza en Galicia. PPA

Fica sinalado nas páxinas iniciais deste capítulo que non consideramos diferenzas entre as necesidades óptimas de realización dun neno ou nena ou dun adolescente xa desenvolva a súa vida en Galicia ou noutra comunidade española. Porén, precísase ter en moita consideración o diferente “custo da vida” en Galicia ou o que corresponde á media española. Esa é a razón que nos levou a utilizar os estudos existentes que abordan as citadas diferenzas de prezos, estudos que se desenvolveron baixo o paradigma de paridade de poder adquisitivo (PPA).

Por desgraza, hai poucos traballos, e ningún deles oficial, que desenvolvan unha paridade de poder adquisitivo uniforme e sistemática a nivel subestatal no caso de España. Aínda que si é certo que as hai entre os estados da UE, o INE non os realiza e debemos adquirir a información por medio de métodos indirectos e estudos académicos.

A este fin utilizaremos o traballo de Àlex Costa, Vittorio Galletto, Jaume García, Josep Lluís Raymond e Daniel Sánchez Serra da Universidade de Barcelona. E basearémonos nunha ponderación de métodos, explicados máis abaixo, para establecer a PPA galega.

O vixente Regulamento de contabilidade nacional e rexional da Unión Europea pon de manifesto que o feito de que os países teñan diferentes prezos (e moedas) complica as comparacións xeográficas de prezos e volumes. Este problema non se soluciona mediante o uso dos tipos de cambio, senón a través da utilización das paridades de poder adquisitivo (PPA).

A nivel europeo, Eurostat é o organismo responsable da elaboración das PPA a través dun programa conxunto coa OCDE que, desgraciadamente, non ten concreción a nivel rexional (NUTS-2), a pesar de que no Regulamento do Parlamento e do Consello Europeo se establecen as obrigas dos Estados membros, alentándoos a elaborar este tipo de indicadores (PPA) a nivel rexional (en España comunidades autónomas), claves para un adecuado deseño das políticas de cohesión, entre outras aplicacións.

En certos países europeos, como Reino Unido, Italia e Alemaña, realizáronse estimacións máis ou menos oficiais das súas PPA rexionais. En España esta experiencia iniciouna Funcas, a partir das actualizacións dunhas PPA para o ano 1989 mediante a evolución do índice de prezos de consumo, pero non tivo continuidade nestes últimos tempos. Tamén se deu unha experiencia similar no caso de Cataluña coas estimacións realizadas por Idescat, cunha metodoloxía parecida á de Funcas. Estas estimacións tamén se deixaron de publicar hai uns anos.

Só o Instituto Nacional de Estadística dispón da información de base necesaria para efectuar o cálculo das PPA rexionais para España cunha metodoloxía similar á de Eurostat e da OCDE. O material básico constitúe a información recollida para elaborar o índice de prezos de consumo e para cumprir coas demandas de información de Eurostat sobre a elaboración de PPA dos países da UE (Enquisa de paridades de poder adquisitivo).

Neste sentido, e mentres o INE non produza esta información ou facilite a información de base necesaria para elaboralas, para estimar as PPA das comunidades autónomas españolas faise necesario recorrer a métodos indirectos.

Estimáronse as PPA das comunidades autónomas españolas mediante tres métodos: o primeiro consiste en replicar a metodoloxía utilizada por Funcas e Idescat. É o recomendado por organismos internacionais no caso de falta de información de base (método 1) no que se basea. Funcas foi publicando con regularidade este material en *Cuadernos de Información Económica*, ata o número 220 de xaneiro/febreiro de 2011. Nesta publicación atópase, para os anos 2000-2010 o índice de prezos relativos de consumo (IPC) por comunidades autónomas. No referente aos máis recentes, non nos consta que esta información se volvese publicar.

A modo de coda, convén facer referencia ao traballo do Idescat, que calculou e espallou a través da súa publicación *Evolució de les principals macromagnituds de l'economía catalana* un índice rexional de prezos relativos exclusivamente para Cataluña, e non para ningunha outra comunidade, expresado en termos España=100. A serie ten unha lonxitude de dez anos, de 1987 a 1997. Durante un tempo (ata os anos 2009 ou 2010) o Idescat tamén difundiu estes datos a través da súa páxina web. Na actualidade, con todo, xa non están dispoñibles.

O segundo método baséase en utilizar un modelo que relaciona PPA e PIB per cápita, estimado con datos dos países da UE, e que se utiliza para facer predicións con datos das comunidades autónomas.

O terceiro calcula as PPA como os efectos rexionais dunha ecuación explicativa do gasto total dos fogares españois estimada con datos da Enquisa de presupostos familiares (método 3).

A proposta de PPA de síntese realizouse a partir dunha media ponderada dos resultados dos métodos 2 e 3, onde as ponderacións teñen en conta a variabilidade dos resultados das diferentes versións de cada método. Cómpre salientar que esta proposta de PPA, como a estimación de calquera outra magnitude de características similares, como podería ser o IPC, ten un certo grao de incerteza, que se pode expresar con uns intervalos de confianza. Neste caso non se calcularon, atendida a diferente natureza dos dous métodos combinados, un estimado con datos de países e o outro con datos individuais.

Os resultados obtidos polos dous métodos, así como a clasificación bastante diferenciada das comunidades autónomas segundo o valor da súa PPA, son consistentes. Ademais, obtivéronse diferenzas substanciais entre os prezos relativos das comunidades autónomas con PPA máis elevadas e coas baixas. Este é un feito importante cando se procede a comparar o PIB per cápita das comunidades autónomas en 2012 empregando ou non as PPA. En particular, o PIB do País Vasco pasa de case que dobrar o de Extremadura (sen corrección por PPA) a ser algo máis do 5 por cento superior (cando se consideran os prezos relativos). Por outro lado, no caso de Cataluña o valor da PPA (108,5) fai que a súa posición no ránking de PIB per cápita en PPA pase da cuarta á sétima.

A relevancia de dispor das PPA rexionais para poder levar a cabo adecuadamente o deseño de políticas de cohesión a nivel europeo ou español fai necesario que en tanto non se dispoña de información oficial sobre estes indicadores se continúe efectuando a súa estimación e actualización por métodos indirectos, garantindo a súa robustez e fundamentación metodolóxica, especialmente se o INE, o organismo encargado de producir a estatística oficial española desagregada a nivel de comunidades autónomas, non elabora unhas PPA coa información dos prezos de servizos básicos.

Estimación das PPA para as CCAA por métodos indirectos

Neste punto preséntanse tres métodos indirectos de estimación das PPA para as comunidades autónomas españolas, así como os resultados correspondentes a cada un destes métodos.

Método 1: estimación por extrapolación das PPA (1989) baseada nos IPC relativos

A metodoloxía internacionalmente aceptada de construción de PPA para países prevé de forma explícita a posibilidade da actualización dos prezos relativos mediante o recurso do IPC, se non se dispón dunha enquisa. Así queda indicado nos manuais do Programa de comparación internacional, nos artigos (World Bank, 2008) e noutros materiais dispoñibles na páxina web do Programa 4, e tamén no manual Eurostat-OCDE.

Con todo, cando se extrapolan as PPA dun ano base e se comparan coas PPA da seguinte rolda aparecen importantes diferenzas. Estas diferenzas están a xerar un importante debate sobre a consistencia dos datos PPA e os datos IPC.

A pesar destes problemas, resulta claro que se pode obter unha primeira aproximación aos prezos relativos das comunidades autónomas españolas —pola vía de recuperar os datos de José Ramón Lorente do ano 1989, os únicos que non se difundiron nunca da *Enquisa rexional de prezos* que elabora regularmente o INE— e actualízalas co IPC.

Método 2: estimación macroeconómica das PPA baseada en modelos de PIB (datos UE)


É un feito ben contrastado que os países que teñen un nivel de PIB per cápita máis elevado adoiten ter niveis de prezos tamén máis elevados. Unha xustificación desta relación pode vir da denominada hipótese de Balassa-Samuelson (Balassa, 1964 e Samuelson, 1964). En esencia, os países (ou os espazos xeográficos, en xeral) máis ricos amosan niveis de produtividade máis elevados na produción de bens comercializables. Non obstante, os salarios teñen tendencia a igualarse entre os sectores produtores de bens comercializables e non comercializables. Isto tradúcese en que os prezos dos bens non comercializables deben subir polo incremento dos custos laborais.

Método 3: estimación microeconómica das PPA baseada nun modelo de gasto total dos fogares

O uso das comparacións multilaterais de niveis de prezos para un conxunto de rexións (países, grupos de poboación) para obter as paridades de poder adquisitivo require dispor de información de prezos e cantidades a nivel de rexión para un conxunto de ítems relevantes de calidade similar.

A dificultade de obter este tipo de datos de calidade similar, así como problemas de carencia de información para algúns bens, popularizou, poderíase dicir, no seu momento o método CPD (Country Product Dummy) proposto por Summers (1973), que pode ser interpretado como un modelo de prezos hedónicos onde a variabilidade nos prezos se explica por diferenzas na calidade dos bens e polas diferenzas derivadas do compoñente rexional.

Gráfico 21. PPA das Comunidades autónomas. 2017. Índice España = 100



Taboa 20. PPA das Comunidades autónomas.

Comunidade Autónoma	
C. de Madrid	115,7
Cataluña	107,6
País Vasco	107,1
Illes Balears	102,8
Cantabria	98,6
Aragón	98,1
P.de Asturias	98,1
Navarra	97,9
Canarias	96,6
Andalucía	95,4
Castilla y León	94,8
La Rioja	93,8
Galicia	93,8
C. Valenciana	91,3
Castilla - La Mancha	98,8
R. de Murcia	87,8
Extremadura	86,4
España	100

Os resultados preséntanse cunha óptica espacial a través do Mapa 2. Neste caso podemos ver a lóxica xeográfica do nivel de prezos rexionais.

Claramente Madrid e o norte peninsular, xunto coas Baleares, mostran os valores superiores de PPA. O mapa permítenos apreciar tamén a heteroxeneidade do interior peninsular, xa que as dúas “Castelas” se sitúan con grupos distintos no custo da vida.

Finalmente, o sur peninsular mostra dous resultados que poden ser rechamantes: o nivel relativamente alto das PPA de Andalucía e, pola contra, o valor –quizais menor do esperado– da Región de Murcia.


Cantabria	11.239	98,5	10	11.396	99,9	11
Castilla - La Mancha	9.533	83,5	13	10.614	93	13
Castilla y León	11.949	104,7	9	12.600	110,4	5
Cataluña	13.338	116,9	3	12.398	108,6	6
Extremadura	8.503	74,5	17	9.837	86,2	15
Galicia	11.239	98,5	11	11.978	105	9
La Rioja	12.029	105,4	7	12.727	111,5	4
Madrid	13.279	116,4	4	11.477	100,6	10
Murcia	9.111	79,8	15	10.376	90,9	14
Navarra	13.585	119	2	13.877	121,6	1
País Vasco	14.722	129	1	13.749	120,5	2
Valencia	10.232	89,7	12	11.211	98,2	12
España	11.412	100	-	11.412	100	-

Nota: os índices están referenciados a España = 100. CCAA ordenadas por orde alfabética.


Doutra banda, a corrección da RFD pc facendo uso das PPA reduce a variabilidade desta variable, valla a redundancia, de maneira substancial a consecuencia da correlación positiva da RFD pc e a PPA correspondente. Así, o rango de variación da RFD pc sen corrixir sitúase entre os 8.503 € de Extremadura e os 14.722 do País Vasco, mentres que coa corrección por PPA pasa a situarse entre os 9.276 € (Canarias) e 13.877 € (Navarra).

En termos xeográficos, os mapas 3 e 4 mostran que a corrección por PPA ten efectos relevantes nunha clara mellora dos resultados para o litoral mediterráneo non catalán, e tamén nunha mellora no centro-norte peninsular. Así mesmo, merece destacarse que Cataluña, Madrid e Illes Balears cambian de intervalo (cor) con axuste por PPA, pero non o País Vasco e Navarra, poñendo de manifesto que o nivel de renda per cápita non é o único factor que inflúe sobre as PPA.

Mapa 3. Renda familiar disponible per cápita en €. 2017. Índice España = 100



Mapa 4. Renda familiar disponible per cápita en PPA. 2017. Índice España = 100




Extrapolación para o cálculo do custo da crianza en Galicia

Por todo o que ata este momento se leva indicado, e unha vez obtido o PPA (paridade de poder adquisitivo), estamos en condicións de obter o custo da crianza en Galicia. Aplicarase unha corrección do 93,8 aos datos obtidos para España. A cifra resultante necesaria para o custo óptimo dunha crianza en Galicia é a de 630 euros. Os datos para as distintas franxas de idade móstranse na seguinte táboa e o seu correspondente gráfico.

Táboa 22. Custo da crianza en Galicia.

Franxa de idade	Gasto
0-3 anos	521,53
4-6 anos	572,18
7-12 anos	657,94
13-17 anos	690,17
0-17 anos	630,34

Gráfico 22. Custo da crianza en Galicia.



Franxa de 16 a 24 anos

Consideramos necesario incluír os de 16 anos nesta epígrafe, aínda que se solapen coa franxa xa explicada de 0 a 17 anos, dado que comeza unha etapa de enorme variabilidade que require diferente metodoloxía no seu tratamento. Inclúense pois empeza a idade legal de traballar, e de feito algúns e algunhas traballan a esa idade, xa sexa formándose nos programas de colaboración de formación-empresa proporcionados pola Xunta de Galicia ou por iniciativa propia, singularmente contratados.

Neste grupo de idades en Galicia hai 198.905 persoas mozas e podemos atopar unha panoplia de situacións. Mozos e mozas que están a estudar, o máis habitual; mozos e mozas que só traballan; outro grupo que compaxina ambas as actividades e, o máis preocupante, o grupo que nin estuda nin traballa, os coñecidos ninis.

Para a análise da presente franxa de idade utilizaremos a Enquisa de poboación activa (EPA), o Padrón municipal e os datos proporcionados ao IGE pola Consellería de Educación.

A Enquisa de poboación activa (EPA) realízase desde 1964, e é a metodoloxía de 2005 a vixente na actualidade. Trátase dunha investigación continua e de periodicidade trimestral dirixida ás familias, cuxa finalidade principal é obter datos da forza de traballo e das súas diversas categorías (ocupados, parados), así como da poboación allea ao mercado laboral (inactivos).

A mostra inicial é dunhas 65.000 familias ao trimestre, que equivalen aproximadamente a 160.000 persoas en toda España. Respecto a Galicia, son entrevistadas cerca de 9.000 persoas.


O Padrón municipal de habitantes é un rexistro administrativo no que constan os veciños dun municipio. Os datos serán todos referidos ao ano 2021, para poder presentar toda a información no mesmo marco temporal.

Estrutura ocupacional da mocidade de entre 16 a 24 anos:

Dos cerca de 200.000 membros desta franxa poboacional, o 19 por cento (36.900) están traballando; e en paro, é dicir, busca activa de emprego, 11.600. Isto produce unha poboación activa nesta franxa de 48.500 persoas.

Segundo datos da UE, o 10,1 por cento da mocidade galega nin estuda nin traballa, os denominados ninis. En total hai ao redor de 22.000 ninis nesta franxa de idade. O resto, 128.000 persoas están a se formar a tempo completo.

Gráfico 24. Estrutura ocupacional da mocidade de entre 16 a 24 anos:





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE